

Memoria xustificativa do anteproxecto de Orde pola que se modifica o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Consonte o artigo 41.3.a) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral, o anteproxecto que se redacte irá acompañado dunha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade e sobre as modificacións e innovacións que contén.

O 3 de xaneiro de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, en base ás previsións recollidas na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, e na disposición transitoria segunda do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Orde do 10 de marzo de 2021 (DOG núm.61 do 31.03.2021) modificou a anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, para recoller as modificacións introducidas pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

A Orde do 27 de novembro de 2023 (DOG núm.231 do 05.12.2023) modificou o anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, para recoller as modificacións introducidas pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, e da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

No DOG número 50 do 11 de marzo de 2024 publícase a corrección de erros da Orde do 27 de novembro de 2023, no que respecta á denominación da escala de axentes de inspección, especialidade de dominio público hidráulico.

O anexo do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, establece as equivalencias entre as categorías profesionais de persoal laboral e as escalas de persoal funcionario, de xeito que o persoal laboral fixo que supere o proceso de funcionarización, accede á condición de persoal funcionario de carreira na escala equivalente á súa categoría profesional consonte o devandito anexo.



A disposición final segunda do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, recolle que o anexo pode ser modificado mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de función pública.

En desenvolvemento desta previsión, faise necesaria a aprobación do presente proxecto de orde que permite modificar o anexo que recolle as equivalencias entre as categorías profesionais de persoal laboral e as escalas de persoal funcionario. As modificacións propostas, e a súa xustificación, é a seguinte:

No grupo III:

No cadro de equivalencias das categorías III-07, III-08, III-09, III-23, III-60, III-64 e III-67 estaba previsto, ata o de agora, a funcionarización no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma, escala de axentes de inspección, especialidade de vixilancia de estradas, subgrupo C1, agás o persoal das categorías III-08 e III-67 con destino en Augas de Galicia que se funcionariza no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma, escala de axentes de inspección, especialidade dominio público hidráulico, subgrupo C1.

A modificación proposta pretende introducir novas equivalencias de funcionarización, en concreto ao corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma, escala técnica de mantemento de servizos, subgrupo C1 e ao corpo de axudante de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma, escala técnica de recursos naturais e forestais, subgrupo C1. A xustificación desta modificación ven derivada dos informes recibidos da Consellería de Política Social (informe do 18 de abril de 2024 asinado pola xefa do Servizo de Coordinación administrativa) e da Consellería do Medio rural (informe de 23 de abril de 2024 asinado polo director do CIF de Lourizán) onde se detallan as funcións realizadas nos postos da categoría III-08 (encargado/a xeral) das respectivas consellerías, e que no seu teor literal din o seguinte:

“(..) posto PS.C99.40.501.15001.425 encargado xeral (...) responsable directo da explotación e mantemento de todas as instalacións (...) realización das operacións regulamentarias definidas nos regulamentos das instalacións e nas instrucións técnicas que os desenvolven (...) elaboración dos plans de mantemento..”, é dicir que corresponden coas funcións da escala técnica de mantemento.

“(..) as funcións (..) son similares a dos encargados agrarios pero no eido forestal (..). Trátase por tanto de profesionais responsable de coordinar e supervisar as actividades diarias en viveiros, invernadoiros e ensaios de campo (...) aplicación de tratamentos experimentais, recollida de



mostras, realización de medicións, (...) incluíndo a supervisión do persoal ao seu cargo”, o que corresponde coas funcións da escala de recursos naturais e forestais.

Á vista do anterior, e co obxecto de recoller adecuadamente a equivalencia entre as categorías de persoal laboral e as escalas de persoal funcionario no que se refira ás funcións realizadas nos diferentes postos, considérase preciso engadir a escala técnica de mantemento de servizos e a escala técnica de recursos naturais e forestais (ambas do subgrupo C1) como equivalentes ás categorías laborais III-07, III-08, III-09, III-23, III-60, III-64 e III-67.

No grupo IV:

Categoría 99 (Coidador/a a extinguir) do grupo III. A funcionarización desta categoría estaba inicialmente prevista na escala de auxiliar de coidadores do subgrupo C2. Introdúcese como cambio a posibilidade de que o persoal desta categoría, que posúa a titulación necesaria para o acceso á escala de auxiliares de clínica, poida optar pola súa funcionarización na escala auxiliar de coidadores (subgrupo C2) ou na escala de auxiliares de clínica (subgrupo C2).

Esta modificación xustifícase pola existencia de persoas da categoría III-99 que contan coa titulación esixida para o acceso á escala de auxiliares de clínica e pola escaseza de persoal existente na dita escala, de xeito que estas necesidades se poidan cubrir co persoal laboral fixo da categoría III-99 que posúa a titulación habilitante para exercer como auxiliares de clínica.

Así mesmo, de conformidade co previsto na disposición adicional décimo sexta da referida Lei 16/2010, do 17 de decembro, considérase que na tramitación desta orde non será precisa a constitución da comisión encargada da redacción da norma, ao tratarse dunha disposición de escasa complexidade e que regula aspectos meramente parciais dunha materia.

Esta orde axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no que se exige que «en todas as iniciativas normativas xustifícase a adecuación delas aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e accesibilidade, simplicidade e eficacia».

Así, o principio de necesidade desta norma ven determinado polo necesario cumprimento do recollido na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en canto a que os postos deben ser desempeñados, con carácter xeral, por persoal funcionario e se debe homoxeneizar o réxime xurídico e condicións de traballo aplicables ao persoal empregado público.

Respéctase o principio de proporcionalidade, xa que a modificación introducida ven derivada do desenvolvemento do propio proceso de funcionarización, realizando un esforzo de simplificación e integración da normativa vixente.



No que atinxe ao cumprimento do principio de seguridade xurídica, o anexo modifícase mediante o presente proxecto de orde en exercicio da habilitación normativa prevista na disposición derradeira segunda do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Respéctase o principio de transparencia, promovendo a máis ampla participación da cidadanía, así como o principio de accesibilidade, garantindo o acceso a toda a información de que dispoña a Administración na materia obxecto de regulación.

En virtude dos principios de simplicidade e eficacia, e dentro do obxectivo de simplificación administrativa e da normativa aplicable, evítanse as cargas administrativas innecesarias ou accesorias, o que supón a racionalización dos recursos públicos asociados á tramitación dos procedementos administrativos relacionados con elas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Emprego e Administración de Persoal

Nuria Aguilar Vázquez

